



ACTA DA ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO CELEBRADA EN VIGO, NA CASA DO DEPORTE, SEDE DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS, O DÍA 18 DE MARZO DE 2023.

Acta n.º 7

ASISTENTES

PRESIDENTA DA F.G.M.
Maestu Almeida, Josefina

Árbitros de carreiras por montaña
Freixeiro López, Xose Lois
Leirós Gutiérrez, Raúl

Árbitro de escalada
Seoane Álvarez, Miguel

Deportista Galegos de Alto Nivel
Xoel García Maestu

Deportistas de carreiras por montaña
Salgueiro Gesteira, Francisco David (delegado en Javier Aradas)
Dorado Vieitez, Miguel

Deportistas de escalada
Böck Villalba, Alfonso (delegado en Carlos González)
García Domínguez, Blanca

Deportistas de Marcha Nórdica
García Pérez, Ignacio (delegado en Asunción Mariño)

Deportistas de Montañismo
Verea López de Guereño, Elvira (delegado en Helga Lages Vidal)
Fernández Fernández, Ana María
Fernández Rey, Fernando
Vázquez Fariña, Gustavo
Bernárdez Martínez, Miguel
Fernández Saborido Anxo Manuel
Carril Comesaña, Roberto
Lages Vidal, Helga

Técnicos/as
Pérez Araújo, David
Rodríguez Pequeño, Ignacio
Vázquez Fariña, María del Pilar (delegado en Carlos González)
Aradas Mariñas, Javier

Clubs de Marcha Nórdica
Club Marcha Nórdica A Coruña

Presidente/Representante
López García, Ana María (Representación nun membro da AX)

Clubs de Carreiras por Montaña
GMTA & CHUVONERS
Club Castro Trail Team

Presidente/Representante
Costas Freire, Pilar
Carril Comesaña, Roberto (Representación nun membro da AX)





FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



DEPORTE 50
GALEGO

Clubs de escalada

Agrupación de Montaña e Escalada Bestarruza
Agrupación de Montañeros Independentes
Asociación de Escaladores Ourenzáns
Club Aromon Pontevedra Montañeiros A Roelo
Grupo de Montaña Alud

Presidente/a-Representante

Seoane Álvarez, Miguel (Representación nun membro da XD do club)
Blanco, Fausto (Representación nun membro da XD do club)
Carlos González Iglesias (Representación nun membro da XD do club)
Carballo, Roberto (Representación nun socio do club)
Lages Vidal, Helga (Representación nun membro da AX)

Clubs de Montañismo

Asociación Cans Deportistas
Asociación Os Sendeiros de Foz
Avanzadillas do Senderismo
Aviva Sport Club
Club ADT La Pedrosa
Club Alpino Ourenzáns
Club Atletismo Sada
Club Escalada Azimut
Club de Montaña O Caxado
Club de Montaña Airiños
Club de Montaña O Carroucho
Club de Montaña Coruña
Club de Montaña Ribeira Sacra
Clube de Montaña Xistra

Presidente/a-Representante

García Maestu, Xoel (Representación nun membro da AX)
Morís Fernández, Roberto
González Prego, Juan Francisco (Representación nun membro da AX)
Roberto Carril Comesaña (Representación nun socio do club)
Oliveira Fernández, Manuel
Veiga Rial, Ricardo (Representación nun membro da XD do club)
López Pérez, Felipe (Representación nun membro da XD do club)
Arocas Fernández, Luís
Doce Blanco, Manuel (Representación nun membro da XD do club)
Mariño, Asunción (Representación nunha socia do club)
González Prego, Juan Francisco (Representación nun membro da AX)
García Maestu, Xoel (Representación nun membro da XD do club)
Vázquez Pérez, Xosé Antón
Merino Encinas, José Miguel (Representación nun membro da X.D. do club)
Ponte, Manuel (Representación nun membro da XD do club)
Carmen Pérez Orge
José Carlos Rodríguez
Xosé Luis Faro Fortes
Jernández Pena, Antonio
Trueba Gayol, Marta (Representación nun membro da XD do club)
Álvarez Jorge, Moisés

Club de Sendeirismo Trabandainas
Club Montañeiros Celtas
Club Nosas Rutiñas
Club Peña Trevinca Montañeiros de Galicia
Club de Montañismo Montañas de Trevinca
Sociedad Montaña Ártabros
Club de Montaña Vértice
X.D.

Personal Técnico

Pérez Prego, José Manuel
Fandiño Pérez, Evaristo

Director Técnico da FGM
Contable da FGM

Orde do día

1. Saúdo e benvinda da presidenta da FGM.
Listaxe de compoñentes
2. Aprobación, se procede, da acta anterior.
3. Aprobación, se procede, da proposta de modificación de Estatutos da FGM.
4. Rogos e cuestións.





1.- Saúdo e benvida da presidencia e listaxe de compoñentes

A reunión comeza ás 10:45h coa benvida da presidenta, Dona Josefina Maestu Almeida, dando conta de que somos 50 integrantes da asemblea os presentes e temos quórum necesario para poder dar comezo á reunión.

A presidenta presenta aos integrantes da mesa, entre os que están Rafael Alonso, asesor xurídico de diferentes federacións, que estará na reunión para liquidar calquera dúbida, e Ramón Santos, o delegado de protección de datos.

2.- Aprobación, se procede, da acta anterior

En relación á acta da anterior asemblea extraordinaria, Merino alude a unha serie de comentarios enviados anteriormente, e indica que falta por remitir o Anexo I.

A Presidenta agradece as achegas e indica que o Anexo I remitirase xunto con esta acta.

O Presidente do Club ADTL A Pedrosa pide corrixir o seu nome no borrador da anterior asemblea extraordinaria, ao que o secretario indica que se procede a corrixir, pedindo desculpas polo erro.

Procédese a votar a aprobación da acta, co seguinte resultado.

A FAVOR 45	EN CONTRA 2	ABSTENCIÓNS 4
	Club Xistra	Asoc. Os Sendeiros de Foz
	Xosé Lois Freixeiro	O Caxado

Apróbase a acta da asemblea extraordinaria anterior.

3.- Aprobación, se procede, da proposta de modificación dos Estatutos da FGM

A Presidenta inicia este punto da orde de traballos agradecendo a colaboración de todos e todas as asembleístas neste proceso de renovación dos estatutos da FGM, un documento que precisaba adaptarse ás novas normas e levaba xa demasiado tempo sen actualizar.

Así, unha vez indicado isto, ábrese un debate coas seguintes intervencións.

O representante do Club Alpino Ourensán pregunta pola eliminación, no artigo 2 da proposta de reforma dos estatutos, da referencia a "galegos". O asesor xurídico indica que é coa idea de apoiar aos deportistas que estean dentro da FGM, que non teñen necesariamente que ser galegos.

A Asemblea, logo de varias intervencións, debate sobre o cargo de presidente ou presidenta ten que ser ostentado por unha persoa federada nalgún club da FGM. O asesor xurídico indica que obrigar isto nos estatutos podería ser rexeitado pola Xunta a posterior. En todo caso, a asemblea decide que a presidenta ou presidente da FGM poderá ser federado da FGM, co seguinte resultado:

PODERÁ	DEBERÁ	ABSTENCIÓN
38 votos	12 votos	1 (Josefina Maestu)

Deste xeito, tómase nota para mudar esta cuestión no artigo 27; no artigo 37 déixase "os membros da Xunta Directiva poderán estar..." e o artigo 71 queda redactado do seguinte xeito: "O/A presidente/a da FGM é elixido/a cada catro anos, coincidindo cos Xogos Olímpicos de Inverno, polos membros da Asemblea Xeral, que terá carácter





extraordinario, mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto. As persoas candidatas á presidencia non teñen por que ser membros/as da Asemblea Xeral da federación nin estar afiliadas á FGM”.

Ana Fernández toma a palabra para aludir a que no texto se atopan multitude de erros ortográficos ou lingüísticos, ofrecéndose a facer chegar un documento con estas cuestións, algo que o secretario agradece para facilitar ese traballo e pasa a enumerar algunhas cuestións:

a) En relación ao art.1.b), indica que debería retirarse a palabra “asociacións” da proposta. O asesor xurídico indica que se mantivo por referencia histórica da FGM, que falaba de clubs ou asociacións deportivas e engade que na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia só se recollen estes termos: clubs, agrupacións deportivas escolares e seccións deportivas.

En todo caso, a asemblea acorda eliminar esta referencia a asociacións no texto de reforma dos estatutos.

b) Sobre a aprobación de regulamentos, di que deberían aprobarse en asemblea xeral e non en comisión delegada. A presidencia indica que os regulamentos deberían aprobarse en comisión delegada por axilidade e que, en todo caso, son documentos vivos, abertos ás modificacións precisas escoitadas as partes implicadas, como se fixo neste ano. O secretario indica que neste caso, ao seu parecer, non estamos ante a creación de regulamentos, que se podería entender como competencia da asemblea xeral, se non que estamos ante a súa modificacións, pois xa existen, e considera por economía procesal e rapidez que sería suficiente a súa aprobación en comisión delegada.

Así, a AX da FGM acorda que a aprobación dos regulamentos por primeira vez será en Asemblea Xeral e a súa modificación en comisión delegada.

Carmen García Orge, presidenta do Club Montañeiros Celtas toma a palabra en relación ao art.17 e considera que os clubs son a razón de ser da FGM e que os técnicos e árbitros existen porque existen os clubs e que a porcentaxe de clubs na asemblea debería aumentar en relación aos técnicos e árbitros. O asesor xurídico, Rafael Alonso, indica que este tema é o que vén establecido na Lei, sendo obrigatorio segundo o artigo 34.3 do Decreto 16/2018.

Xosé Lois Freixeiro, en relación ao artigo 10.e) e 15.6 comenta que parece que se repite e que habería que corrixir e mellorar esa redacción. O asesor xurídico indica que esta alusión ao tema de protección de datos alude, no primeiro dos artigos indicados, á afiliación á FGM e no outro ás asembleas. É unha cuestión de seguridade, de protexer á FGM ante posibles reclamacións relacionadas coa protección de datos. Así, no artigo 10 refírese ao tratamento dos datos cando unha persoa tramita a licenza deportiva por primeira vez na FGM e cando se asocia, acepta o que di este artigo. O artigo 15 fai alude ás xuntanzas ou sesións de órganos de representación e goberno da FGM no que está prevista a gravación e tratamento destes datos.

A este respecto, o Delegado de Protección de Datos, Ramón Santos, engade que é unha cuestión de normativa e que, como documento máis importante da FGM, debería reflectirse así, deste xeito tan amplo, aínda que pareza repetitivo.

Serían datos de primeira capa e segunda capa. A primeira capa é o texto máis preciso, que se reflexa, por exemplo, cando se cubre un formulario, onde figura o responsable do tratamento, se ten delegado de protección de datos, como exercer os dereitos e onde poder consultar a información. A recomendación do DPD da FGM é que nos estatutos da FGM, que é o documento máis extenso da Federación, se recolla a información de segunda capa, que





é toda a información desagregada a que pode acceder a persoa interesada para coñecer os seus dereitos en relación ao tratamento dos seus datos.

David Pérez Araújo comenta que se cambia a normativa sobre protección de datos tería que mudarse os estatutos, algo que non lle parece sensato. O DPD indica que a lexislación de protección de datos ten unha esperanza de vida de 25 anos, ao que o asesor xurídico indica que a única lexislación que nos obriga a cambiar os estatutos é a Lei do Deporte de Galicia, indicando un prazo determinado. Así, a propia lei do deporte alude, en materia de aspectos disciplinarios, a unha regulación supletoria cunha lei, a de procedemento administrativo 30/92 derrogada hai xa anos, que non fixo cambiar a propia lei do deporte, por exemplo.

Luís Arocas, presidente do Club Azimut, sobre o artigo 19.f) na asemblea coméntase que a posibilidade de introducir nas ordes do día das asembleas cuestións de urxencia podería empregarse para variar os temas a tratar sen coñecemento dos asembleístas.

Ana Fernández di que, en todo caso, debería aprobarse antes de comezar, para incluír na orde do día definitiva.

O asesor xurídico engade que é unha cuestión que debería recollerse no regulamento de funcionamento das asembleas, como así se fai no documento que se trae hoxe tamén a debaten a asemblea ordinaria e que, en todo caso, é unha cuestión excepcional, recollido en moitos colectivos e federacións, para cuestións de última hora e de prazos perentorios. En todo caso, de estar en contra do acordado a través deste procedemento, os asembleístas poderían convocar unha asemblea extraordinaria para revocar eses acordos.

A asemblea vota sobre esta cuestión e decide manter a redacción con este resultado:

A FAVOR	EN CONTRA	ABSTENCIÓNS
40 votos	7 votos	4 votos

Noutra serie de intervencións, Ana Fernández, sobre o artigo 6, apartado final, indica que debería eliminarse a referencia a oficinas técnicas, e manterse o de delegacións.

Jose Manuel Merino, en relación á xunta directiva, no art. 99, indica que debería corrixiarse e cambiar, quitando a alusión á comisión delegada.

Sobre o voto delegado débátese entre os asembleístas, con opinións a favor e en contra, indicando persoas que a posibilidade do voto delegado pode reducir a participación. Ana Fernández remata que debería animarse a participación, algo que desde a presidencia se recolle indicando que así se fixo nesta reunión e así se fará nas seguintes, porque o mellor que pode pasarlle á FGM é que os asembleístas participen activamente na toma de decisións.

As últimas breves intervencións, por parte do técnico David Pérez Araújo aluden á cuestión de traducir os nomes dos deportes, que podería traer problemas ad futurum, algo que se aclara desde a mesa da presidencia e co asesor xurídico e do presidente da AEDT La Pedrosa, sobre a necesidade de axilizar a realización das asembleas, para facilitar que a xente asista, pola duración das reunións, e polo desprazamento inherente de ida e volta.

Ás 12:30h procede a votación da proposta de reforma dos estatutos da FGM, co seguinte resultado:

A FAVOR 42 votos	EN CONTRA 4 votos	ABSTENCIÓNS 5 votos
	Ana María Fernández Fernández	Club Pena Trevinca
	Club Xistra	Club O Caxado
	Xosé Luis Freixeiro	Club Azimut





FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



DEPORTE 54
GALEGO

	Raúl Leirós	Club Montañeiros Celtas
		Club Sendeiros de Foz

Queda, polo tanto, aprobada a proposta de reforma dos estatutos da FGM e a presidenta agradece as achegas e colaboración de todas as persoas que fixeron posible este texto.

Por último, recóllese que a asemblea aproba facultar á Presidenta a que poida resolver os defectos detectados pola Xunta de Galicia á hora de revisar esta proposta, sen necesidade de convocar outra asemblea xeral extraordinaria.

4.- Rogos e cuestións

Non habendo rogos e cuestións realizadas, dase por concluída a Asemblea Extraordinaria as 12.40 h

Asinado,
O secretario xeral da FGM
Anxo Manuel Fernández Saborido

Visto e prace,
A presidenta da FGM
Josefina Maestu Almeida

